

# **Normativa para a Dispensa de Asistencia a Clase do Grao de Psicoloxía da USC.**

**(Aprobada en Xunta de Facultade de 27 de novembro de 2012, modificada en Xunta de Facultade de 18 de decembro de 2017, modificada en Xunta de Facultade 30 de xuño de 2022)**

## **Fundamentos normativos**

**Estatutos da USC** (Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, DOG 12/02/2014)

Artigo 130:

1. A Universidade de Santiago de Compostela, por acordo do seu Consello de Goberno, regulará as modalidades de matrícula para os estudos que desenvolva.
2. En todo caso, a formalización da matrícula supón o dereito de asistencia e participación en todas as actividades formativas que se establezan na programación docente e a ser avaliado. Asemade, implica o deber de asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente.
3. Con carácter singular para casos específicos, a xunta de centro poderá conceder a dispensa de asistencia a clase. Nestes casos, se for necesario, poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.

**Estatuto do Estudantado da USC** (aprobado no Claustro da USC de 12/12/1998).

Artigo 39: *Deberes específicos do estudantado:*

Cumprir as tarefas de estudo e de investigación que lles correspondan na súa condición de universitarios.

Asistir regularmente ás actividades lectivas programadas, salvo nos casos de exención que se autoricen.

Artigo 41: *Asistencia ás actividades académicas:*

É deber dos estudantes a asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia e a realización dos traballos complementarios axeitados.

Coa fin de garantir a asistencia á clase, a Xunta de Centro poderá conceder o cambio de grupo a aqueles estudantes que xustifiquen axeitadamente a imposibilidade de asistir ás actividades do grupo que lles fose asignado.

Con carácter singular e para casos específicos, a Xunta de Centro poderá conceder a dispensa de asistencia a clase, sempre que se pida e se xustifiquen axeitadamente as causas do pedimento.

**Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno de 25/03/2010)**

**Instrucción nº1/2017, da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago e Compostela.**

## **Critérios para a dispensa de docencia**

O alumnado poderá solicitar durante **a primeira semana de clases de cada semestre** ou, posteriormente, de xeito extraordinario, ante causas imprevistas e sobrevidas (nun prazo de 7 días), a dispensa de asistencia a clase, mediante solicitude motivada e acreditada formulada ao Decano/a. A solicitude deberá ser presentada a través do rexistro electrónico da USC

--

Son causas para a solicitude de dispensa:

1. A enfermidade grave ou os tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza na Facultade do alumnado, circunstancia debidamente acreditada polos servizos médicos oficiais.
2. O coidado de dependentes a cargo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, circunstancia debidamente acreditada polos servizos oficiais correspondentes. No caso de coidado de fillos/as menores de tres anos, entenderase cumpridos o ano de inicio do curso académico universitario para o que se solicita a dispensa e acreditarase mediante copia da páxina correspondente do Libro de Familia.
3. A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia, sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial. A acreditación desta circunstancia realizarase mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos; segundo o caso: alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social, copia do contrato de traballo ou dos encargos a realizar ou copia do recibo de pagamento da última cotización.

4. A persoa que presentou unha denuncia por acoso, ou por outros comportamentos semellantes, sempre que ela considere máis adecuado para a súa saúde a dispensa. No caso de denuncia por acoso sexual, se coa denuncia fora incoado o procedemento do Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso Sexual e o Acoso por Razón de Sexo, Orientación Sexual e Identidade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela, o Decanato deberá poñer en coñecemento da Oficina de Igualdade de Xénero a solicitude de dispensa en pro dunha mellor coordinación administrativa.

Someteranse á consideración para aprobación pola Comisión do Título aquelas solicitudes de dispensa debidamente xustificadas que afecten a materias específicas. Para a súa concesión atenderase ao recollido na programación docente das materias, ou no informe ao respecto enviado ao coordinador/a do Título na primeira semana de curso, e teranse en conta:

A excepcionalidade, polo que se concederá a dispensa a falta doutra alternativa para cursar os estudos.

A natureza dos estudos que se pretenden cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico

As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos á asistencia a clase, previo informe dos profesores responsables. Nestes casos a resolución de concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.

A resolución será comunicada ao interesado/a e ao profesorado das materias afectadas e producirá efectos dende a data de presentación da solicitude.